

# BASES CONVOCATORIA ESCOLAS

## CAUSA, CONSECUENCIA

A teoría do Caos analiza como o sutil abaneo dunha bolboreta pode alterar unha secuencia de acontecementos que transforman a realidade. Que pasaría se, no canto de falar dunha bolboreta, estivésemos falando dun humano... ou de millóns?

As consecuencias dos vestixios que deixamos no planeta forman parte dunha era chamada Antropoceno, tema que se abordará en INTERSECCIÓN – Festival de Arte Audiovisual Contemporáneo 2022, na Coruña.

O Antropoceno caracterízase pola radical transformación dos ecosistemas terrestres debido á actividade humana. A forma na que a cultura occidental evolucionou e se expandiu nas últimas décadas de historia, fomentando condutas destrutivas e de exceso, conforma unha dinámica que dirixe todos os aspectos da vida. As nosas actitudes, costumes e ambicións acaban por debuxar a maneira na que habitamos a Terra.

*Causa, consecuencia* é unha proposta deseñada para falar da actividade frenética, da saturación de personalidades, da colisión de millóns de voces... Ideada para convocar novos xestos de creación, multiplicidade de perspectivas, identidades diversas, atentas e fluídas. A repercusión que teñen as nosas decisións, a conciencia e responsabilidade sobre as nosas accións ou a falta desta e como a partires dun só impulso pode desencadearse calquera tipo de efecto.

A Sección Escolas busca darlle a palabra a aquelas creadoras do audiovisual en formación. Serán benvidas tanto propostas en formato monocanle coma proxectos de instalacións no espazo (vídeo-escultura, proxección multipantalla...). Atoparás máis información sobre a convocatoria e os diferentes premios nas [bases do festival](#).

**Comisariado 2022: ARTE.FACTO**

**Contacto: [escolas@interseccion.art](mailto:escolas@interseccion.art)**